

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

2 de xullo de 2026

Duración:

Desde as 19:36 ata as 19:50

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

AMALIA GOLDAR CORA

Secretaria:

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

Nome e Apelidos	Tipo de membro	Asiste	Observacións
ALFONSO FIGUEIRAS REY	Membro con dereito a voto	SÍ	
AMALIA GOLDAR CORA	Membro con dereito a voto	SÍ	
AMALIA LAGO DURAN	Membro con dereito a voto	SÍ	
ALBERTO BLANCO CARRACEDO	Membro con dereito a voto	SÍ	
ANA BECEIRO RIVAS interventora	Membro sen dereito a voto	NON	
DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ Informático	Membro sen dereito a voto	SÍ	
GONZALO LOUZAO DONO	Membro con dereito a	NON	Permiso por



	voto		paternidade
GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	Membro con dereito a voto	SÍ	
JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	Membro con dereito a voto	SÍ	
JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	Membro con dereito a voto	SÍ	
JOSÉ CONDE TRASANDE	Membro con dereito a voto	SÍ	
JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	Membro con dereito a voto	SÍ	
LUCIA SEOANE ROSENDE	Membro con dereito a voto	SÍ	
LUIS LOPEZ BUENO	Membro con dereito a voto	SÍ	
MARIA ANGELES PAIS CARBIA	Membro con dereito a voto	SÍ	
MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	Membro con dereito a voto	SÍ	
MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	Membro con dereito a voto	SÍ	
MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	Membro con dereito a voto	SÍ	
MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	Membro con dereito a voto	SÍ	
MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	Membro con dereito a voto	SÍ	
OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	Membro con dereito a voto	NON	
ROMÁN SUÁREZ PORTO	Membro con dereito a voto	SÍ	
XOÁN REYES VILLAR	Membro con dereito a voto	SÍ	

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA



**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O 4 DE XUÑO DE 2026**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de xuño de 2026, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 3816/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E
ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS
PORCENTAXES DE GASTOS PLURIANUAIS 2026-2027**

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vistas as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN + PROVINCIA 2026-2027) da Deputación de Pontevedra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 1, do 2 de xaneiro de 2026.

Visto o Proxecto asinado en data 24 de febreiro de 2026 polo arquitecto técnico municipal, D. Daniel Órrea Corral, cun orzamento base de licitación de 1.460.898,16 euros, a executar en 2 anualidades: (2026: 172.387,77 €; 2027: 1.288.510,39 €), para levar a cabo o proxecto “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA – (PLAN+PROVINCIA 2026-2027)”, aprobado por Resolución de Alcaldía n.º 2026-0300, de 6 de marzo, e correxido por Decreto de Alcaldía n.º 2026-0330, de 12 de marzo.

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de 8 de maio de 2026, polo que se concede a este Concello unha subvención por importe de 172.387,77 euros (anualidade 2026) para levar a cabo o proxecto “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA – (PLAN+PROVINCIA 2026-2027)”.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra núm. 2026000127, de 14 de xaneiro de 2026, pola que se aprobou a repartición do crédito total e por liña que lle corresponde a cada concello da provincia co importe máximo de subvención ao que pode optar, correspondéndolle a cantidade 1.288.510,39 euros (anualidade 2027).

Visto que o punto artigo 174 do TRLRHL, que establece:

“1. La autorización o realización de los gastos de carácter plurianual se subordinará al crédito que para cada ejercicio autoricen los respectivos presupuestos.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0008 Data: 07/08/2026

Cod. Validación: RCTDYANTS2HQFZ6K5PF2Y2CTZ
Corrección: https://estrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6





2. Podrán adquirirse compromisos por gastos que hayan de extenderse a ejercicios posteriores a aquel en que se autoricen, siempre que su ejecución se inicie en el propio ejercicio y que, además, se encuentren en alguno de los casos siguientes:

a) Inversiones y transferencias de capital.

b) Los demás contratos y los de suministro, de consultoría, de asistencia técnica y científica, de prestación de servicios, de ejecución de obras de mantenimiento y de arrendamiento de equipos no habituales de las entidades locales, sometidos a las normas del Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, que no puedan ser estipulados o resulten antieconómicos por un año.

c) Arrendamientos de bienes inmuebles.

d) Cargas financieras de las deudas de la entidad local y de sus organismos autónomos.

e) Transferencias corrientes que se deriven de convenios suscritos por las corporaciones locales con otras entidades públicas o privadas sin ánimo de lucro.

3. El número de ejercicios a que pueden aplicarse los gastos referidos en los párrafos a), b) y e) del apartado anterior no será superior a cuatro. Asimismo, en los casos incluidos en los párrafos a) y e), el gasto que se impute a cada uno de los ejercicios futuros autorizados no podrá exceder de la cantidad que resulte de aplicar al crédito correspondiente del año en que la operación se comprometió los siguientes porcentajes: en el ejercicio inmediato siguiente, el 70 por ciento; en el segundo ejercicio, el 60 por ciento, y en el tercero y cuarto, el 50 por ciento.

4. Con independencia de lo establecido en los apartados anteriores, para los programas y proyectos de inversión que taxativamente se especifiquen en las bases de ejecución del presupuesto, podrán adquirirse compromisos de gastos que hayan de extenderse a ejercicios futuros hasta el importe que para cada una de las anualidades se determine.

A estos efectos, cuando en los créditos presupuestarios se encuentren incluidos proyectos de las características señaladas anteriormente, los porcentajes a los que se refiere el apartado 3 de este artículo se aplicarán sobre dichos créditos una vez deducida la anualidad correspondiente a dichos proyectos.

5. En casos excepcionales el Pleno de la corporación podrá ampliar el número de anualidades así como elevar los porcentajes a que se refiere el apartado 3 de este artículo.

6. Los compromisos a que se refiere el apartado 2 de este artículo deberán ser objeto de adecuada e independiente contabilización.”

A elevación dos límites previstos no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais resulta necesaria para posibilitar a adecuada execución da actuación prevista, cuxa programación técnica e calendario de execución determinan unha

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0008 Data: 07/08/2026

Cod. Validación: RCTDYANTS2HQFZ6K5PF2Y2CTZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6





distribución de anualidades que excede as porcentaxes establecidas con carácter xeral.

Así mesmo, a persistencia dun contexto económico internacional caracterizado pola volatilidade dos mercados e por tensións xeopolíticas que afectan ao subministro e ao coste de materias primas, materiais de construción, enerxía e transporte, incrementou a necesidade dunha adecuada planificación financeira das inversións públicas, a fin de garantir a súa execución nos prazos previstos e minimizar os riscos derivados de eventuais variacións de custes.

Adicionalmente, a actuación estará íntegramente financiada mediante subvención concedida pola Deputación Provincial, constituíndo unha financiación afectada especificamente destinada a dito investimento. A execución da actuación dentro dos prazos establecidos na resolución de concesión e a adecuación dos compromisos de gasto ao ritmo previsto de execución material fan necesario adaptar a distribución temporal das anualidades ás necesidades reais da obra.

Por todo iso, e existindo financiamento suficiente para atender as obrigacións derivadas da contratación, considérase debidamente xustificada a elevación dos límites establecidos no artigo 174 do TRLRHL para a presente actuación.

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, que conta coa dilixencia de conformidade da Intervención municipal, de data 16 de xuño de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/1155 de 17 de xuño de 2026, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 17 de xuño de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do PP e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Aprobar a elevación da porcentaxe máxima, prevista no artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para o exercicio inmediatamente seguinte, respecto dos compromisos de gasto derivados da actuación obxecto do presente expediente, fixando a seguinte distribución de anualidades:

- Exercicio 2026: 172.387,77 euros
- Exercicio 2027: 1.288.510,39 euros, representando aprox. o 88,2% do importe total comprometido.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0008 Data: 07/08/2026

Cod. Validación: RCTDYANTS2HQFZ6K5PF2Y2C7Z
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERIODO DO 1 AO 15 DE XUÑO DE 2026

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados do 1 ao 15 de xuño de 2026, que van dende o número 2026-0814 ao número 2026-0902 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai intervencións

Levántase a sesión sendo as dezanove horas e cincuenta minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/gl/2026/07/03/pleno-concello-de-a-estrada-2-de-xullo-2026/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

427E260C2FE0B2DD9A4FC40B7F535BD09B63005A9DF8C3BB3B34BFC49C2D846D

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0008 Data: 07/08/2026

Cod. Validación: RCTDYANTS2HQFZ6K5PF2Y2CTZ
Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

